



A investigación histórica

Os historiadores enfróntanse a numerosos enigmas cando realizan unha investigación. Para resolvelos, teñen que analizar e interpretar as fontes antes de chegar a unha conclusión.


Para levar a cabo a investigación, o historiador desenvolve unha serie de pasos.




1. Formula preguntas. O historiador faise as preguntas que poden ser de interese e relevancia para o seu estudo.



2. Busca fontes históricas. Recompila as fontes que val necesario e rexella as que non lle parecen fiables.



3. Estuda as fontes. Compara distintas fontes e extrae a información que é válida para a súa investigación.



4. Obtén conclusións. Relaciona todos os datos para elaborar un documento e dar resposta ás preguntas feitas.

ACTIVIDADES

- 1 Explica que é a historia. Di como se chaman os científicos que a estudan.
- 2 A que tipo de fonte histórica pertence...
 - un álbum fotográfico
 - unha vasilla
 - unha canción
 - un mapa
- 3 Cal elixirías para contar a historia da túa vida? Por que?
- 4 Enumera os pasos que debe seguir un historiador na súa investigación.

83

Outras actividades

PARA AMPLIAR

Unha investigación histórica. Propóñalles aos alumnos que realicen unha investigación que teña unhas fases similares ás que os historiadores seguen no seu estudo.

Pídalles, para iso, que busquen información sobre algún resto histórico importante que se encontre no seu municipio ou provincia. Logo deben realizar es escribir un breve estudo en que expresen: que preguntas se formularon, onde buscaron a información, que fontes empregaron para o seu estudo e a que conclusións chegaron na súa investigación. Poden incorporar imaxes dos restos estudados.

Se o considera oportuno, pode propoñerlles aos alumnos que o expoñan oralmente na clase.

Solucionario

- 1 A historia é a ciencia que investiga o pasado das persoas e das sociedades humanas. Os científicos que a estudan son os historiadores e historiadoras.
- 2 • Un álbum fotográfico: fonte gráfica. • Unha vasilla: fonte material. • Unha canción: fonte oral. • Un mapa: fonte gráfica.
- 3 R. M. Para contar a historia da miña vida utilizaría o álbum fotográfico, aínda que tamén podería usar unha canción. R. L.
- 4 Os principais pasos que segue un historiador son: a formulación de preguntas relevantes para o seu estudo, a busca de fontes históricas fiables, o estudo desas fontes para extraer información e a obtención de conclusións, que deixa reflectidas nun documento.